

B O I N X O I

BOLETÍN INFORMATIVO XERAL

RODEIRA

OUTUBRO 2019

O **BOletín Informativo Xeral** do IES de Rodeira distribúese por email e papel. Informa de actividades en preparación (**AÍ VEÑEN!**), xa realizadas (**AÍ VAN!**), ou en marcha (**AQUÍ ESTÁN**). Agradece toda colaboración, corrección ou comunicación no e-nderezo boinx@iesrodeira.com

AÍ VEÑEN...!

OUTUBRO

Martes 15/ Xoves 17 **ENCONTROS CAS FAMILIAS** 17 a 20 h. Usos/ Aulas
As titorías, Orientación e Dirección reuniranse cas familias de ESO, BACH e FPB.

Luns 21/ Xoves 24 **AVALIACIÓNS INICIAIS**
Primeira posta en común e valoración docente da marcha académica do alumnado de ESO

Xoves 24 **TEXTOS TEATRAIS** 20:00 Usos
Presentación de *Acariñando os desexos* e *A viaxe de Burán*, representados no seu día no Insti

Xoves 24 **ENTRE LIBROS** Biblioteca
Día Mundial das Bibliotecas: exposicións e visitas guiadas

Luns 28/ Mércores 30 **NO AQUÉN DO ALÉN** Biblioteca, Aulas, Usos
No corazón do outono, celebraremos o **Samaín** abríndonos ao Alén, o terror, o medo e a morte.

NOVEMBRO

Xoves 31 + Venres 1 **PONTE DE DEFUNTOS**
O Día do Ensino enlaza co venres de Santos agasallándonos cun longo e merecido festivo

Mércores 13 **MAGOSTO** 13:00 Patio
Nin faremos a matanza nin cataremos o viño novo, pero haberá castañas, baile e cantarolas

Venres 25 **RECORRENDO O MARCO** Adultos, 16:00 Vigo

SETEMBRO

... AÍ VAN!

ERASMUS +

Recibimos ata decembro a Xosé Rocha e Tiago Veloso (CM Inf.), da Escola Sá de Miranda de Braga, onde seguen en prácticas Naiara Martinez e Jenifer Casal (CM X.Adm). Facendo as FCT do CS DAW están Jorge Figueira en Bournemouth (Inglaterra) e Andrés Lage en Sofia (Bulgaria)

Xoves 26 **LUSOFONÍA PLANETARIA** Galería
Celebrando o DÍA EUROPEO DAS LINGUAS exploramos a irmandade galego portuguesa

Venres 27 **EMERXENCIA CLIMÁTICA**
Folga do alumnado en protesta pola inacción dos poderes e gobernos ante o cambio climático. A corcheira do 1º andar destínase en adiante a recoller información sobre a crise ecolóxica.

OUTUBRO

Luns 7/ Mér 9 **CAMIÑO DE SANTA MARTA** Sendeiro da Costa
A fin de coñecerse fóra das aulas, 1ºBACH recorreu a Ecorruta ata Liméns. Organizou ANSO

AQUÍ ESTÁN.

Actividades fixas ao longo do curso: proxectos, programas, clubs, obradoiros...

PROXECTO DERRUBANDO FRONTEIRAS	Usos
Dinamización Lingüística centrará atención e acción na fonda comunidade do galego e o portugués	
PROXECTO RÍOS	4º ESO
Seguimento e control, en colaboración con Augas de Galicia, da dinámica do río Saíñas	
PROXECTO CORRESPONDENTES XUVENÍS	
Antena informativa (web, panel) de axudas, certames, cursos e actividades de interese xeral. Vice	
PROXECTO NATURÉZATE	1º ESO
Coñecemento e intervencións na carballeira de Coiro en colaboración ca Comunidade de Montes	
PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO	
Actividades de saúde e deporte coordinadas por Educación Física: roteiros, ligas, xogos populares	
PROXECTO 365 DÍAS POLA IGUALDADE	
Foro aberto sobre a igualdade, coordinado por Orientación. Reunións os xoves as 10:10 en FOL.	
PROXECTO PARLAMENTO XOVE	1º BACH
Preparación de debates e intervencións no Parlamento de Galicia coordinado por Galego/Historia	
PROXECTO ECOESCOLA	
Reciclaxe, redución, reutilización e coidado do entorno. Comando Verde de Acción Directa.	
PROGRAMAS DE APRENDIZAXE COOPERATIVA	ESO
Investigación e ensaio na aula de estruturas de traballo baseadas na cooperación	
PROGRAMAS ERASMUS +/ MOBILIDADE EUROPEA	
Múltiples accións de aprendizaxe dentro da UE: formación, prácticas, intercambios	
CLUB DE MANGA	Usos
Exposicións, charlas, obradoiros, dobraxes. Todos os venres, as 12:10 en Usos	
CLUBS DE LECTURA	Biblioteca
<i>VAIDELIBROS</i> , dirixido a profes e adultos en xeral. Mércores as 15:00 <i>BEROLEO</i> , dirixido ao alumnado. Ao longo de novembro, nos recreos	
CLUB DE MÚSICA	Usos
Audicións, composición, realización de videoclips e máis. Encontros os mércores as 11:00.	
CLUB DOS DEBERES.	Biblioteca
Resolución de dúbidas e apoio ao estudo auxiliado por profesorado e alumnado voluntario de 4º ESO e Bacharelato. Os XOVES de 16:15 a 17:45	
OBRADOIROS DE ADULTOS	
Inglés, Lectura, Lingua para estranxeiros, Estimulación, Caderno de Bitácora, Historia, Xardín, Micoloxía, Filosofía, Guitarra, Música, Coro, Baile, Teatro, Informática e Instalacións eléctricas. Luns a venres, entre as 16 e as 20 horas.	
BADMINTON	Pavillón
Organizado pola ANPA. Martes de 16:00 a 17:00	
GRUPOS DE TEATRO	Usos
<i>A REPLIKA</i> con Xan Riobó. Os martes as 16:30 <i>TEATRO ABERTO</i> Organizado por Adultos, con Riobó e Lamapereira. Mércores as 18:30 <i>DESLINGUADOS</i> Desorganizado por Adultos. Venres as 19:40	